

nistrativa inspeccionada ou do órgano delegado daquel.

4. Unha vez concluídas as comprobacións, se como resultado destas o inspector de Traballo e Seguridade Social actuante considerase que existen incumprimentos ou irregularidades no cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais, emitirá unha proposta de requirimento sobre as cuestións formuladas na dita materia, no que se recollerán as irregularidades detectadas, as medidas que deben adoptarse para emendalas e o prazo que considera necesario para a súa execución.»

Dous. Dáselle unha nova redacción á disposición adicional segunda do Regulamento sobre o procedemento administrativo especial de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social e para a imposición de medidas correctoras de incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais no ámbito da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 707/2002, do 19 de xullo:

«Disposición adicional segunda. *Réxime do persoal civil das restantes administracións públicas.*

Respecto do persoal civil ó servizo das restantes administracións públicas e en defecto de normativa propia, aplicarase o procedemento establecido neste regulamento, se ben as competencias asignadas neste ós delegados do Goberno, ós subsecretarios dos departamentos ministeriais e ó Consello de Ministros corresponderán, en todo caso, ós respectivos órganos de Goberno das citadas administracións públicas.»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o primeiro día do mes seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 25 de abril de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
EDUARDO ZAPLANA HERNÁNDEZ-SORO

XEFATURA DO ESTADO

11877 LEI 18/2003, do 12 de xuño, sobre concesión dun suplemento de crédito e tres créditos extraordinarios, por importe de 43.681.176,77 euros, para compensa-las sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe pola perda de ingresos derivada da rebaixa das tarifas de peaxe. («BOE» 141, do 13-6-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O suplemento de crédito e os créditos extraordinarios están destinados a dota-los recursos necesarios para

compensa-las sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe pola perda de ingresos ocasionada pola rebaixa das tarifas de peaxe, así como a aboa-los xuros de demora motivados por atraso no pagamento dos principais das compensacións.

O Real decreto lei 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e incremento da competencia, no seu artigo 8, estableceu a dita compensación, dispoñendo a iniciación dos trámites de revisión dos contratos de concesión de autoestradas para rebaixa-las tarifas satisfeitas polos usuarios nun sete por cento. A Administración xeral do Estado liquidará ás sociedades concesionarias do seu ámbito competencial pola perda de ingresos que lles supoña a baixada de tarifas. Cando o concedente sexa unha comunidade autónoma, a Administración xeral do Estado poderá celebrar convenios de colaboración con esta co fin de fixa-las actuacións e mailo financiamento necesarios para levar a cabo a dita liquidación.

A disposición derradeira primeira.seis do Real decreto lei 6/1999, determina, ó abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución, o carácter de lexislación de aplicación xeral do disposto no seu artigo 8.

O Real decreto lei 18/1999, do 5 de novembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito por importe total de 27.156.252.160 pesetas, para atender obrigas derivadas de gastos de investimento do Ministerio de Fomento, e se adoptan medidas urxentes referentes á rebaixa das tarifas das autoestradas de peaxe, no seu artigo 3, facultou as administracións públicas concedentes de autoestradas de peaxe para realiza-la medida prevista no artigo 8 do Real decreto lei 6/1999, mediante rebaixas selectivas e non lineais das tarifas satisfeitas polos usuarios.

Coa finalidade de dota-los recursos necesarios para o aboamento das sociedades concesionarias das compensacións aludidas e os xuros de demora correspondentes, tramítanse o presente suplemento de crédito e créditos extraordinarios, de acordo co Consello de Estado, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. Concesión do suplemento de crédito e dos créditos extraordinarios.

Concédesse un suplemento de crédito e tres créditos extraordinarios, por importe total de 43.681.176,77 euros, á sección 17 «Ministerio de Fomento», servizo 01 «Ministerio, Subsecretaría e Servizos Xerais», programa 511D «Dirección e Servizos Xerais de Fomento», co seguinte detalle:

Suplemento de crédito

Concepto	Denominación	Importe en euros
352	Xuros de demora	4.610.025,67

Créditos extraordinarios

Concepto	Denominación	Importe en euros
353	Xuros de demora. Obrigas de exercicios anteriores	1.297.961,00
452	Para compensa-la perda de ingresos pola rebaixa das tarifas de peaxe (Real decreto lei 6/1999). Obrigas de exercicios anteriores	16.921.370,00

Concepto	Denominación	Importe en euros
474	Para compensa-la perda de ingresos pola rebaixa das tarifas de peaxe (Real decreto lei 6/1999). Obrigas de exercicios anteriores	20.851.820,10

Artigo 2. Financiamento do suplemento de crédito e dos créditos extraordinarios.

O suplemento de crédito e os créditos extraordinarios que se conceden no artigo anterior fináncianse con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Artigo 3. Autorización para amplia-lo suplemento de crédito e os créditos extraordinarios.

Autorízase o ministro de Facenda a amplia-lo suplemento de crédito e o crédito extraordinario destinados ó pagamento de xuros na cantidade necesaria para aboa-lo exceso de xuros que se produzan ata a data en que se realice o pagamento.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11879 *ORDE PRE/1551/2003, do 10 de xuño, pola que se desenvolve a disposición derradeira primeira do Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da achega de certificados polos cidadáns.* («BOE» 141, do 13-6-2003.)

O Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da achega de certificados polos cidadáns, dispón na súa disposición derradeira primeira que, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor do citado real decreto, se establecerán por orde ministerial, no marco dos criterios de seguridade, normalización e conservación ós que se refire o Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, os requisitos de autenticidade, integridade, dispoñibilidade e confidencialidade dos dispositivos e aplicacións de rexistro e notificación, así como os protocolos e criterios técnicos ós que deben suxeitarse.

Os ditos criterios de seguridade, normalización e conservación foron obxecto de informe favorable do Consello Superior de Informática e para o impulso da Administración Electrónica.

Así mesmo, na citada orde estableceranse as condicións que deberá reuni-lo órgano, organismo ou entidade habilitada para a prestación do servizo de enderezo electrónico único, así como as condicións para a súa prestación.

As condicións de accesibilidade para as persoas discapacitadas e de idade avanzada están suxeitas ó que dispón a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e comercio electrónico, na súa disposición adicional quinta.

A presente orde ministerial ten por obxecto dar cumprimento ó mandato sinalado no real decreto. Para tal fin, tivéronse en consideración as experiencias previas, as implicacións técnicas da unicidade do enderezo electrónico, a busca de racionalidade e sinxeleza de uso para os interesados e o aproveitamento das vantaxes das economías de escala.

Na súa virtude, logo de informe favorable do Consello Superior de Informática e para o impulso da Administración Electrónica, por proposta dos ministros de Administracións Públicas, de Ciencia e Tecnoloxía e de Facenda, dispoño:

Primeiro. Obxecto.—De acordo co establecido na disposición derradeira primeira do Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da achega de certificados dos cidadáns, a presente orde ten por obxecto establece-los requisitos de autenticidade, integridade, dispoñibilidade e confidencialidade dos dispositivos e aplicacións de rexistro e notificación, así como os protocolos e criterios técnicos ós que deben suxeitarse e as condicións que deberá reuni-lo órgano, organismo ou entidade habilitada para a prestación do servizo de enderezo electrónico único así como as condicións da súa prestación.

Segundo. Adopción das medidas de seguridade, organizativas ou técnicas, dos dispositivos e aplicacións de rexistro, notificación e da prestación do servizo de enderezo electrónico único.

1. Con carácter xeral aplicaranse ós dispositivos e aplicacións de rexistro, notificación e da prestación do servizo de enderezo electrónico único as medidas de seguridade, conservación e normalización que se detallan nos «Criterios de seguridade, normalización e conservación das aplicacións utilizadas para o exercicio de potestades» aprobados polo Consello Superior de Informática e para o impulso da Administración electrónica e accesibles no seu sitio web.

As ditas medidas de seguridade, conservación e normalización virán determinadas polo resultado da análise e xestión de riscos que se realice, recomendándose para estes efectos a utilización da metodoloxía Magerit.

2. O disposto nesta orde ministerial aplicarase en todo caso de conformidade co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e demais normativa aplicable nesta materia.

Terceiro. Requisitos de autenticidade dos dispositivos e aplicacións de rexistro e notificación.

1. Os dispositivos e as aplicacións de rexistro e notificación só admitirán a sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido que cumpra a recomendación UIT X.509 versión 3 ou superiores (ISO/IEC 9594-8 de 1997) de acordo co previsto na lexislación de sinatura electrónica.